

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 05 DE MAIO DE 2022.

PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE BAREMACIÓN DAS LISTAXES DE ALUMNADO SELECCIONADO, SUPLENTE E EXCLUIDO DAS PRAZAS PARA A PARTICIPACION NO PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2021 (ALUMNADO 4º ESO) E DO PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2022” (ALUMNADO 3º ESO)

Prezada familia, o xoves 05/05/2022 publicouse a 1ª Acta da Comisión de Valoración coa proposta de resolución provisional de baremación das listaxes de alumnado seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés edicións 2021 e 2022” (Expte. 25507-332),

Conforme ao contido das bases da convocatoria, determínase que por procedemento ordinario todos aqueles interesados/as contarán cun periodo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións ou emenda de erros advertidos, contados a partires do día seguinte á publicación desta acta nas webs <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <http://www.vigoeningles.org>, é dicir do venres 6 ao venres 20 de maio,

NESTE INTRE NON HAI QUE ENTREGAR NINGÚN ANEXO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NIN EFECTUAR PAGAMENTO ALGÚN

Con posterioridade á resolución das reclamacións achegadas, estes listados provisionais serán elevados á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva por parte deste órgano competente, e será “logo desta aprobación definitiva da concesión das prazas”, cando o Servizo Municipal de Educación comunicará no seu intre e con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para achegar o anexo de aceptación ou renuncia de praza e proceder naqueles casos que esté determinado a efectuar o pagamento da contía asignada correspondente de achega familiar.